



Museo
do Pobo
Galego



instituto de
estudos das
identidades

Hei de facer una ponte
na quenlla do 'Spiñaredo
pra qu'os mozos de Trasmonte
veñan un pouco más cedo.

Hei de facer unha ponte
dos carballos dunha fragha
para contalos minutos
que ves perder á Pontraga.

Aí veñen os de Parada,
veñen os homes valentes,
traen a ponte do Porto
atravesada nos dentes.

Aí veñen os de Parada
secudindo o pantalón-he,
parece que traen dentro
un saquete de abellóns-he.

Adiós Pastora de Pereira,
San Mateo de Vilouchada,
Margharita de Deixebre,
Sacramento de Parada.

Tascadores do meu liño,
tascade ben se podedes
/:polo que quede no forno
vós non vos preocupedes:/

Ai papá, papá, papaiño
a Ghallarda se vai asghanar
tén un caruncho de millo na ghorxa
e pra baixo n-o pode pasar.

Dicen que los bois de Juana
no quieren comer la hierba,
lévalos a beber Juana,
lévalos i-a la ribera.

Os albardeiros d'Orense
andan de pé polas portas,
/:se non lle fan boa vida
sálenll'as albardas tortas:/



Santiago, para dama,
Ferrol, para caballero,
Salamanca para 'studios,
Castilla para dinero.

Ehí che vai, Maruxiña,
ehí che vai o rapaz,
iehí che vai Maruxiña,
iehí che vai, xa verás.

Meu soghro quéreme mal-e
porque lle falo co fillo,
heille de mandar recado
que i-o gharde no bolsillo.

Ió portal de meu soghro
encirrarom'os cans
e saliu miña soghra
/:cunha tranca nas mans:/
cun zapato no pé,
/:ela quéreme mal
e i-eu non sei porque i-é:/